CLAVES

para a detección de situacións de risco, violencia e discriminación contra mulleres LTBI+

Claves para unha intervención segura, inclusiva e libre de discriminación.

Ámbitos estratéxicos

Social · Laboral · Sanitario · Educativo · Xurídico

www.felgtbi.org

FELGTBI+

Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuales, Intersexuales y más

Ideas clave

- La vulnerabilidad deriva del estigma, la discriminación, las barreras institucionales y la desigualdad estructural.
- La intervención debe partir de una mirada interseccional.
- Intervenir bien también es prevenir: respetar la identidad, garantizar confidencialidad, no revictimizar y coordinar recursos reduce el daño y mejora la protección.

◇ Comprender a violencia a mulleres LTBI+

Non son feitos illados, inscríbense nun sistema social atravesado por patriarcado, cisheteronormatividade e acenormatividade. **Non se limita ao físico**: inclúe invisibilización, negación, patoloxización, control e exclusión institucional. Pode ser física, psicolóxica, sexual, económica, dixital, simbólica ou institucional.

Violencia intraxénero: en relacións afectivas uo sexuais entre persoas do mesmo xénero. Pode incluir control, illamento, violencia psicolóxica, sexual ou económica, violencia dixital e outing forzado. É unha forma invisibilizada e con escasos recursos.

Delito de odio por LTBIfobia: infracción penal motivada por prexuízos cara a pertenza real ou percibida ao colectivo LTBI.

Marco de dereitos e obrigas profesionais

- A protección deriva do marco de dereitos humanos, igualdade e non discriminación.
- Son titulares plenas de dereitos e deben acceder á atención e recursos sen discriminación.
- Respectar o nome, pronome, identidade e autodeterminación corporal.
- A violencia intraxénero non está incluida na LO 1/2004, malia que conta con outras vías de protección (Código Penal, lexislación procesal e Estatuto da Vítima).
- Todos os sectores deben previr, detectar e actuar fronte á violencia e a discriminación.
- Lei 4/2023: reforza formación, protocolos inclusivos, atención integral e contornas seguras.

◇ Factores de risco e barreiras de acceso

Factores de risco: rexeitamento familiar ou social; outing; ausencia de redes de apoio; precariedade e dependencia económica ou afectiva; deterioramento da saúde mental; traxectorias previas de violencia ou trauma e violencia institucional.

Barreiras de acceso frecuentes: formularios binarios; linguaxe non inclusiva; falta de formación profesional e protocolos inclusivos; medo a non ser crida; patoloxización; recursos non adaptados; escasa coordinación; falta de espazos seguros e referentes visibles; presunción de atracción sexual ou romántica como experiencia universal.

Barreiras por sector

Social: recursos fragmentados, escasa atención especializada, barreiras administrativas e derivacións inseguras.

Laboral: invisibilidade como autoprotección, risco de represalias, discriminación en selección e promoción e actitudes LGTBIfóbicas.

Sanitario: enfoque cisheteronormativo e sesgos na atención.

Educativo: invisibilización, falta de recoñecemento institucional, currículos non inclusivos e ausencia de referentes seguros.

Xurídico: desconfianza, medo á revitimización, obstáculos procedimentais e dificultade para recoñecer violencia intraxénero ou delitos de odio.

Vulnerabilidades específicas: mulleres lesbianas

- Invisibilización das súas relacións cando non encaixan no modelo heterosexual normativo.
- Violencia intraxénero non recoñecida, minimizada ou sen recursos específicos.
- Presunción de heterosexualidade na atención profesional.
- Prexuíz de "non teñen prácticas de risco", traducido en menos información e prevención.
- Risco de illamento, negación de identidade e prácticas discriminatorias.

Vulnerabilidades específicas: mulleres bisexuais

- Invisibilización da orientación sexual.
- Dificultades para identificar violencias específicas.
- Exposición á violencia en relacións con homes e con mulleres.
- Hipersexualización, fetichización e estereotipos de "indecisión" ou "promiscuidade".
- Discriminación na contorna LGTBI+ cando manteñen relacións con homes.

Vulnerabilidades específicas: mulleres trans

- Maior exposición á violencia e delitos de odio.
- Falta de recoñecemento do nome e xénero sentido.
- Patoloxización e curiosidade invasiva sobre os corpos.
- Exclusión educativa e laboral temperá, con maior precariedade económica.
- Maior exposición á violencia sexual e psicolóxica, fetichización e tratamento denigrante.
- Escaseza de redes de apoio e de referentes institucionais seguros.

Vulnerabilidades específicas: mulleres intersexuais

- Intervencións ou cirurxías non consentidas dirixidas a "normalizar" os corpos.
- Patoloxización e invisibilización nas contornas sanitarias e administrativas.
- Uso de enfoques binarios que non recoñecen a diversidade corporal.

Vulnerabilidades específicas: mulleres asexuais e arrománticas

- Invisibilización, cuestionamento ou presión para establecer relacións sexuais e/ou románticas

◇ Detección temperá

Os sinais de alerta poden ser sutís e estar atravesados por estratexias de ocultación.

Poden manifestarse como: cambios de conduta ou aparencia; ocultación identidade; illamento; hipervixeilancia; ansiedad; tristeza; relatos fragmentados ou contraditorios; evitación de servizos ou espazos; consumo problemático de substancias; ideación suicida ou condutas autolíticas; presión para establecer relación sexuais e/ou románticas.

Posibles indicadores de delito de odio: insultos, ameazas ou actos que vinculan a agresión coa pertenenza real ou percibida ao colectivo LTBI+.

Indicadores por sector

Social: demanda urxente de vivenda ou apoio económico, rotura de redes ou illamento.

Laboral: ocultación sistemática, evitación de actividades, ansiedade ante superiores ou estancamento profesional.

Sanitario: lesións repetidas, malestar emocional persistente, evitación de revisións ou dificultade para falar da parella ou da contorna.

Educativo: absentismo, baixo rendemento, acoso, retraimento, cambios de conduta ou medo cara determinados espazos.

Xurídico: medo intenso a denunciar, minimización de ameazas ou relato condicionado por vergoña ou temor.

**** Alerta urxente**: ideación suicida activa, consumo problemático de substancias ou violencia física reiterada.*

◈ Como actuar

Principios de actuación:

- Evaluación do risco e protección inmediata.
- Acompañamento emocional e derivación a recursos especializados.
- Coordinación entre servizos e traballo en rede.
- Confidencialidadee creación de espazos seguros.
- Información sobre deritos, recursos e vías de actuación.

Actuación por sector

Social: valorar risco, activar recursos urxentes e deseñar seguimento individualizado.

Laboral: activar protocolos internos, documentar feitos, adoptar medidas cautelares e evitar represalias.

Sanitario: valoración clínica integral, documentar signos de violencia e derivación especializada.

Educativo: activar protocolo antiacoso, protexer á vítima, apoiar e facer seguimento.

Xurídico: informar sobre dereitos, activar medidas de protección e valorar delito de odio.

*** Se a muller acode coa súa parella, debe garantirse entrevista individual. En caso de violencia de parella, suspender intervencións conxuntas.*

Evitar: cuestionar a identidade ou o relato, forzar visibilidade, facer preguntas morbosas ou invasivas, patoloxizar e derivar sen consentimento informado

◇ Prevención e boas prácticas

Principios transversais:

- Enfoque de xénero, diversidade, interseccional e individualizado.
- Respecto, autonomía, seguridade e non discriminación.
- Uso de linguaxe inclusiva e non estigmatizante.
- Respecto ao nome, pronomes e identidade.
- Prevención da revictimización.
- Espazo seguro, privacidade e confidencialidade.
- Formación específica do persoal.

Boas prácticas por sector

Social: recursos especializados, acompañamento e coordinación con entidades LTBI+.

Laboral: políticas de diversidade, canles seguras de denuncia e prevención de represalias.

Sanitario: formularios adaptados, anamnese non presuntiva e non patoloxización.

Educativo: currículos inclusivos, educación afectivo-sexual, profesorado formado e protocolos visibles.

Xurídico: comprensión do delito de odio e la violencia intraxénero e acceso a medidas de protección.

Protexer os dereitos das mulleres LTBI+ é unha obriga institucional e unha condición básica para unha atención profesional de calidade.

FELGTBI+

info@felgtb.org | +34 913 604 605
Chinchilla, 44. 1º Ext Izq. 28013 Madrid

MINISTERIO DE IGUALDAD
SECRETARÍA DE ESTADO DE IGUALDAD Y PARA LA ERRADICACIÓN DE LA VIOLENCIA CONTRA LAS MUJERES
DELEGACIÓN DEL GOBIERNO CONTRA LA VIOLENCIA DE GÉNERO